



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

IV 32

Tämén hai dous individuos
neghocian nunha chalana
tén que traballar un mes
prä comer unha semana.

Foron un día ós percebes
e äpañaron o cesto
lováro-nos á Coruña
e fixeron medio peso.

Cando chegharon á casa
e o pasaron á cuenta
prä pagharll'ó cameón
faltaball'unha cincuenta.

VI 2316 (fragmento)

Hai mulleres inviciadas
qu'asta non fan de comer
teñen os fillos na cama
e a casa sin varrer;

O home marcha para o mar
con boroa 'scarolada
ela que queda na casa
do bo non lle falta nada.

IV 34 (fragmento)

Estaba a mesa preparada
con pernil chulas e viño
un roscón de pan de ghuevo
o coñá hai que pedí-lo.

Tämén dixeron qu'había
jerez coñá e cerveza
per'alí non demostraron
cousa de tanta ghrandeza.

Pituco comí' as chulas
porque lle sabían moito
Delores tiña as gardadas
pra Don Antonio do Porto.



IV 37a (similar)

O día tres de xaneiro
Malpica s'alborotaba
faltab'o fillo de Cholas
que polas plaias andaba.

A nai choraba por morto
porque lle quería ben
com'era traballador
era unha lástima del.

O que foi aquel mesmo día
en Fontán Pequeno varou
un barquiño abandonado
d'armada desta nación.

Iban todos armados
con machados e fouciños
iban cheos de faroles
todo por eses camiños.

Arrastraron as cadenas
e mailas cousas que había
eses burros de Seaia
anduveron todo o día.

- Pero quedan atrás coplas.

VI 1525

S'o abeneiro dá peras
e o salgheiro manzáns
os meus fillos e os teus
pódense chamar irmáns.

VI 189a

As miñas mans son de ouro
heinas de mandar dourar-e
saben tocá-lo pãndeiro
tämén saben trãbällar-e.

A Beo non vou
que dormen no chan
despertan os mozos
ás tres da mañán.



VI 110

Esta miña gharghantiña
heina de mandar vender
heina de vender a ouro
a prata no puede ser.

VI 123

Esta miña gharghantiña
heina de cambiar por outra
cando me mandan cantar
sempre me din qu'está rouca.

VI 81

Coa lingua non traballo
co'ela podó cantar
pra que non digha meu amo
qu'eu perdo de traballar.

VI 1315

[Niste lughariño hai]
unha vella da zapata
quitadora do meu creto
mal raio de Dió-la parta.

Unha noite no muíño
outra na pedra do lar
esta vida queridiña
eu non a podó levar.

A Beo non vou
que dormen no chan
despertan os mozos
ás tres da mañán.

VI 1037

Vente vindo vente andando
que no camiño te espero
conocínte no andar
polo refaixo marelo.

VI 1123

E ti té-lo té-lo
e n'ó queres dar
e despois de vello
póde-lo salar
póde-lo salar
póde-lo salar
e ti té-lo té-lo
e n'ó queres dar.



VI 390

Alumíame Ramona
da ventana cunha vela
qu'está a aghra mollada
non me vexo fóra dela.

VI 2281a

[E se se che foi]
n'o deixaras ir
deitá-lo na cama
deixá-lo dormir
[deixá-lo dormir
deixá-lo dormir
e se se che foi
n'o deixaras ir.]